

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A riqueza do cura da Casa da Pousa

O cura da Casa da Pousa, en Pedrouzos, Castro Caldelas (Ourense), fíxose rico da seguinte maneira. Agachou na súa casa a un carlista que levaba canda el dúas maletas cheas de cartos. O carlista estivo alí un día e marchou á noite seguinte. Despois foi preso e escribiulle ó cura desde o cárcere pedíndolle cartos e dicíndolle que, se llos mandaba, logo había volver a escribir para dicirlle onde podía recoller unha fortuna.

O crego mandoulle os cartos e ó pouco tempo recibiu unha carta do carlista na que lle contaba que se cavaba a dous metros dun castiñeiro que había no camiño que sobe á Pousa atoparían as dúas maletas cheas de ouro. E tamén lle dicía que as gardase na súa casa, que se vivía, xa viría recollelas, e que se morría, quedaban para el. O crego e o sacristán cavaron no lugar indicado, atoparon as maletas e, como o carlista nunca regresou, quedaron cos cartos.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

RISCO, V., «Miscelánea folklórica», en Cuadernos de Estudios Gallegos, II, Santiago de Compostela, 1946-47.